

**PROCESO SELECTIVO PARA TÉCNICO/A BASE:
REF.PER.-2026/04**

FORMULARIO DE AUTO-AVALIACIÓN

Nome e apelidos:

Titulación:

Puntuación total:

EXPERIENCIA PROFESIONAL:

1.- EXPERIENCIA LABORAL

A **experiencia laboral** relacionada co obxecto da contratación, establecida no punto 4 das presentes bases, valorarase ata un máximo de dez (10) puntos:

- Por cada mes de servizo prestado nos sectores público ou privado, na mesma categoría ou similar á que se convoca, computando soamente os últimos cinco (5) anos: 0,17 puntos.
- No caso de experiencia a través de bolsas, acreditarase mediante documento expedido polo organismo correspondente.

Puntuación experiencia laboral: _____

2.- PARTICIPACIÓN EN PROXECTOS I+D+i

A **participación en proxectos I+D+i** relacionados e de interese para o posto de traballo que se convoca (punto 4 das bases) valorarase cunha puntuación máxima de un (1) punto:

- Por participación en proxectos rexionais: 0,30 puntos por proxecto.
- Por participación en proxectos estatais: 0,40 puntos por proxecto.
- Por participación en proxectos europeos: 0,75 puntos por proxecto.

Puntuación participación en proxectos I+D+i: _____



FORMACIÓN ESPECÍFICA:

1.- COÑECEMENTOS ESPECÍFICOS

Coñecementos específicos: valoraranse os cursos, másteres ou estudos relacionadas e de interese para o posto de traballo que se convoca (punto 4 das bases) e que sexan debidamente acreditados, organizados e impartidos directamente pola Escola Galega da Administración Pública, Fegas, Academia Galega de Seguridade Pública, INAP, escolas oficiais de formación das restantes comunidades autónomas, universidades, INEM, Dirección Xeral de formación Ocupacional da Consellería de Traballo, cursos de formación continua do AFCA, ata un máximo de catro (4) puntos:

- Por cada curso igual ou inferior a 10 horas lectivas: 0,10 puntos.
- Por cada curso igual ou inferior a 20 horas lectivas: 0,20 puntos.
- Por cada curso igual ou inferior a 30 horas lectivas: 0,30 puntos.
- Por cada curso igual ou inferior a 40 horas lectivas: 0,40 puntos.
- Por cada curso igual ou inferior a 50 horas lectivas: 0,50 puntos.
- Por cada curso superior a 50 horas lectivas: 0,60 puntos.

Puntuación coñecementos específicos: _____

2.- OUTROS COÑECEMENTOS VINCULADOS ACTIVIDADES CENTRO

Outros coñecementos vinculados coas actividades do centro, distintos dos recollidos no punto anterior, ata un máximo de dous (2) puntos:

- Por cada curso igual ou inferior a 10 horas lectivas: 0,05 puntos.
- Por cada curso igual ou inferior a 20 horas lectivas: 0,10 puntos.
- Por cada curso igual ou inferior a 30 horas lectivas: 0,15 puntos.
- Por cada curso igual ou inferior a 40 horas lectivas: 0,20 puntos.
- Por cada curso igual ou inferior a 50 horas lectivas: 0,25 puntos.
- Por cada curso superior a 50 horas lectivas: 0,30 puntos.

Puntuación outros coñecementos vinculados coas actividades do centro: _____



3.- COÑECEMENTOS DE INGLÉS

Coñecementos de inglés: a valoración farase de acordo cos seguintes criterios, ata un máximo de un (1) punto:

- Polo Nivel Usuario Básico A2 (Plataforma) do MCERL, Nivel Básico da EOI, KET (Key English Test) ou equivalentes: 0,10 puntos.
- Polo Nivel Usuario Independente B1 (Umbral) do MCERL, Nivel Intermedio da EOI, PET (Preliminary English Test) ou equivalentes: 0,20 puntos.
- Polo Nivel Usuario Independente B2 (Avanzado) do MCERL, Nivel Avanzado da EOI, FCE (First Certificate in English) ou equivalentes: 0,40 puntos.
- Polo Nivel Usuario Competente C1 (Dominio Operativo Eficaz) do MCERL, CAE (Certificate in Advanced English) ou equivalentes: 0,60 puntos.
- Polo Nivel Usuario Competente C2 (Mestría) do MCERL, CPE (Certificate of Proficiency in English) ou equivalentes: 1 punto.

Puntuación coñecementos de inglés: _____